



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Dedicación exclusiva

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Paderne na sesión de data 20 de xullo de 2023 adoptou por maioría o seguinte acordo, a proposta da Alcaldía Presidencia do Concello de Paderne.

Téndose celebrado a sesión constitutiva para a elección de Alcalde o día 17 de xuño de 2023, e considerando os dereitos regulados na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local 7/1985 de 2 de abril, artigo 75 e concordantes así como o disposto no artigo 13 do R.O.F.,

O pleno do Concello de Paderne acorda:

PRIMEIRO.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo da Alcaldía polo importe de 42.162,12€ brutos distribuídos en 14 pagas anuais. Esta retribución experimentará as actualizacións que legalmente se prevean para as correspondentes dos funcionarios públicos nas Leis de orzamentos do Estado ou calquera outra que resulte de aplicación dándose de alta na Seguridade Social, asumindo o Concello o pago das cotas empresariais correspondentes. Todo isto apróbase con efectos de 1 de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Os membros da corporación que non teñan dedicación recoñecida percibirán as contías correspondentes ás asistencias pola concorrencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nas contías fixadas nas bases de execución orzamentaria dos Orzamentos en vigor, sen prexuízo de calquera actualización que se acorde na aprobación dos vindeiros orzamentos así como das bases de execución orzamentaria.

Paderne, 01/08/2023

Documento asinado electrónicamente.

O ALCALDE

D. Sergio Platas Casal

2023/6386